




Na portada do Leviatán podemos identificar dúas partes: a superior, onde está a ilustración do monarca; e a inferior, co título e unha serie de debuxos máis pequenos.

Centrémonos na parte superior. Vemos unha figura enorme en comparación co resto do. Sabemos que é un rei porque leva unha coroa. Ademais, leva nunha man unha espada e na outra un báculo. A espada é un símbolo de autoridade, de defensa, algo que segundo Hobbes debe proveer o Estado. O báculo é o centro que levan as autoridades relixiosas, como é o Papa. Este báculo pode simbolizar o poder eclesiástico, que ten que estar tamén en mans do rei absoluto, pois é el o que ostenta todo o poder. É dicir, tamén a Igrexa ten que estar sometida a el. Ademais, vemos que o corpo do monarca está conformado por moitas cabezas que o miran. Desta maneira a teoría do pacto social de Hobbes vese moi ben reflexada: o poder osténtao unha soa persoa, pero esta persoa está formada por moitas outras que lle cederon o poder que tiñan no estado natural. Como explicamos na clase, os seres humanos teñen unha vida belicosa no estado de guerra, as súas vidas son curtas e miserables. Por iso ceden o poder que

teñen no estado de guerra (o dereito natural, o poder de todos a todo) a unha única persoa que será agora a única capaz de exercer a violencia para, segundo Hobbes, facer cumprir as leis, imponer castigos e manter a paz e a seguridade.

Na parte inferior, vemos o título e unha serie de elementos variados. Na columna esquerda hai un canón, espadas, unha batalla... todo isto simboliza o poder de defensa que ten o Estado. Na outra columna aparecen símbolos relixiosos, mostrando que o rei tamén ostentará o poder eclesiástico.

Por último, cómpre analizar a frase que aparece na parte superior: "Non est potestas super terram quae comparetur ei", que se pode traducir como "Non hai poder sobre a Terra que se lle compare". Esta frase aparece na Biblia, no libro de Job, referíndose ao Leviatán, a criatura mítica da que se fala no vídeo que hai na AV. Para Hobbes, o Estado ten que ser como o Leviatán: enorme, poderoso, terrorífico... e non pode haber outro poder na terra que se compare a el.